

## RESUMEN

### AS AUGAS

#### OS RÍOS

En España existen importantes ríos e as áreas sen desaugue exterior son escasas.

- Rasgos básicos da rede fluvial:
  - ✓ Os ríos que desembocan no Atlántico e no Cantábrico avean máis territorio que os que o fan no Mediterráneo.
  - ✓ Os ríos atlánticos son longos, caudalosos e regulares.
  - ✓ Os ríos cantábricos son curtos, caudalosos e regulares.
  - ✓ Os ríos mediterráneos son curtos, pouco caudalosos e irregulares.
  - ✓ Baleares e Canarias carecen de ríos en sentido estrito.
- Factores que inflúen nos ríos peninsulares:
  - ✓ O clima, sobre todo as precipitacións, determinan a caudalosidade dos ríos e a variación do caudal ao longo do ano, é dicir, o réxime.
  - ✓ O relevo crea as concas, as distintas vertentes e as pendentes.
  - ✓ Da natureza do rochedo dependerá a maior ou menor presenza de augas subterráneas.
  - ✓ A densidade da vexetación intervirá na maior ou menor regularidade dos cursos de auga.
  - ✓ A actividade humana poderá alterar en boa medida a circulación dos ríos.
- Os humedais: marismas, lagoas e deltas son lugares de gran riqueza ecolóxica.
- Os acuíferos: son bolsas de auga que se forman no interior da terra gracias á existencia de materias impermeables.
- Os ríos galegos son curtos, excepción feita do Miño e o Sil, son regulares posúen caudais abondosos e réxime pluvial.

#### OS LAGOS

- As áreas endorreicas son escasas no país e por iso os lagos no son moi abundantes.
- Diferenciamos tres xéneses posibles de lagos:
  - ✓ Endóxena: fórmanse por forzas internas da terra. Tipos:
    - Volcánicos: ocupan os cráteres de volcáns apagados.
    - Tectónicos: acumúlanse as augas en sectores deprimidos da codia terrestre.
  - ✓ Esóxena: fórmanse por forzas exteriores á codia terrestre. Tipos:
    - Glaciares: a auga ocupa espazos deprimidos xerados pola acción glaciaria.
    - Cársticos: a auga deposítase en cubetas creadas pola disolución de materiais solubles en auga.
    - Arreicos: propios de lugares con escasa pluviometría e chans.
    - Litorais: están orixinados pola acción combinada do mar e de sedimentos fluviais.

- Eólicos: constituídos en pequenas depresións escavadas polos ventos sobre materiais brandos.
- ✓ Mixto.
- En Galicia os lagos son pouco numerosos e de tamaño non moi importante.

## A VEXETACIÓN NATURAL

Dende o punto de vista florístico España pertence ao reino Holártico e organízase en catro rexións ben diferenciadas: eurosiberiana, mediterránea, macaronésica e boreoalpina.

- En España a diversidade fitoxeográfica é considerable debido á interacción de factores físicos e humanos:
  - ✓ Factores físicos: deles depende a vexetación clímax.
    - Clima: a maior ou menor cantidade de precipitacións recibidas permite desenvolver un tipo ou outro de vexetación.
    - Relevo: coa altitude e coa orientación das abas varía a vexetación.
    - Solos: a tipoloxía do solos pode facer variar a vexetación.
  - ✓ Factores Humanos: deles depende a vexetación secundaria.
    - O home pode expandir, limitar ou transformar a vexetación natural.
- Os grandes conxuntos fitoxeográficos: segundo criterios climáticos en España distinguimos tres rexións bioxeográficas e dúas formacións vexetais características que poden aparecer dentro de calquera rexión:
  - ✓ Rexión eurosiberiana: N. e NO. da Península. O bosque caracterízase pola presenza de especies caducifolias de follas anchas. A matogueira está conformada pola landa atlántica. Os prados acadan relativa importancia. As especies autóctonas retrocederon, pola acción humana, ao mesmo tempo que aumentaba a presenza de especies alóctonas.
  - ✓ Rexión mediterránea: resto da Península excepto áreas de alta montaña. O bosque predominante está conformado por especies perennifolias de follas duras. A matogueira exemplifícase na garriga, no maquis e nas esparteiras.
  - ✓ Rexión macaronésica: Canarias. Articulase en pisos bioclimáticos.
  - ✓ Formacións vexetais características propias de calquera rexión:
    - Vexetación de ribeira: propia do sitios con moita humidade.
    - Vexetación de montaña: propia de lugares con altitudes considerables. A súa vexetación está organizada en pisos.
- Galicia, excepto un pequeno sector no SE. no que hai especies propias do mundo mediterráneo, ten unha vexetación natural igual á descrita na rexión eurosiberiana.

## OS SOLOS

Compostos por materia mineral e orgánica os solos constitúen a capa máis superficial da litosfera.

- Factores de formación do solo: Interven a rocha nai, o clima, a vexetación e a actividade biolóxica, a topografía, o home e tamén o tempo.
- Horizontes e perfíles: os primeiros son os diferentes niveis que aparecen coa formación dos solos (horizontes O, A,B,C,) e o perfil será a sucesión de todos os horizontes.
- Propiedades físicas e químicas dos solos:
  - ✓ Textura: diámetro dos minerais: arxilas, limo, areas e grava.



- ✓ Estrutura: forma dos agregados.
- ✓ Cor.
- ✓ Acidez: solos acedos ( $\text{pH} < 7$ ) ou básicos ( $\text{pH} > 7$ )
- Clasificación dos solos: distinguimos:
  - ✓ Zonais: evolucionados e equilibrados con clima e vexetación.
  - ✓ Azonais: pouco evolucionados, similares á rocha nai.
  - ✓ Intrazonais: moi evolucionados pero en sentido oposto ás características medioambientais.
- Os solos en Galicia son predominantemente silíceos e polo tanto acedos.